

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 15 de outubro de 2009 pola que se fai pública a ampliación do límite de crédito dispoñible para a plurianualidade do ano 2010 para axudas a proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica das pemes (procedemento IG103).*

Mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009 (DOG nº 31, do 13 de febreiro) procedeuse á convocatoria de varias liñas de axuda do Igape, entre outras, a liña de axudas a proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica nas pemes (procedemento IG103), cun crédito dispoñible de 3.500.000 € na anualidade de 2010.

Tendo en conta o volume de solicitudes recibidas e tratando de dar resposta á ampla demanda de axuda e na procura da efectividade desta liña, parece oportuno incrementar o importe aprobado para as axudas a proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica das pemes (procedemento IG103).

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

### RESOLVO:

Único.-Ampliar en 2.000.000 € o crédito dispoñible na anualidade 2010 para as axudas a proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica das pemes (procedemento IG103), ao abeiro da base reguladora das axudas do Igape ao investimento empresarial, con cargo á partida orzamentaria 02.02.E2/10/03-656700 dos orzamentos do Igape.

Con esta ampliación a suma total do crédito dispoñible para o exercicio 2010 é de 5.500.000 €.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción  
Económica

## TRIBUNAL DE CONTAS (SECCIÓN DE AXUIZAMENTO- DEPARTAMENTO PRIMEIRO)

*Edicto.*

Por medio deste edicto faise público, para lle dar cumprimento ao acordado pola conselleira da Sección de Axuizamento do Tribunal de Contas, por providencia con data vinte e nove de setembro de dous mil nove, ditada no procedemento de reintegro por alcance nº A91/09 do ramo de EE.LL. (Concello de Cospeito), provincia de Lugo, que neste tribunal se segue xuízo contable con motivo de presuntas irre-

gularidades na xestión económico-financeira da citada corporación, como consecuencia da falta de xustificación de determinados pagamentos realizados a funcionarios que puidesen xerar un prexuízo aos fondos públicos, o cal se fai saber coa finalidade de que os legalmente habilitados para o mantemento ou oposición á pretensión da responsabilidade contable poidan comparecer en forma nos autos dentro do prazo de nove días.

Madrid, vinte e nove de setembro de dous mil nove.

Carlos Cubillo Rodríguez  
Letrado secretario

## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Resolución do 30 de setembro de 2009 pola que se crean os ficheiros de Vixilancia e control de accesos e de Xestión de usuarios dos servizos do Laboratorio de Análise de Radiacións como ficheiros de datos de carácter persoal da Universidade de Santiago de Compostela.*

A disposición adicional segunda, 2, da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), especifica que a creación ou modificación dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse mediante a disposición xeral correspondente.

A Universidade de Santiago de Compostela aprobou a regulación dos seus ficheiros para a súa adecuación á LOPD mediante Resolución do 24 de xuño de 2002 e resolucións posteriores.

A implantación efectiva de medidas de seguridade e a realización de novos servizos ou actividades fan aconsellable a creación de novos ficheiros de protección de datos que se engaden aos xa existentes.

Na súa virtude, e co fin de dar cumprimento ao mandato legal do artigo 20 da LOPD, sobre creación ou modificación de ficheiros que conteñan datos de carácter persoal xestionados pola Universidade de Santiago de Compostela, e de lles asegurar aos administrados o exercicio dos seus lexítimos dereitos,

### DISPOÑO:

Primeiro.-Créanse os ficheiros de Vixilancia e control de acceso e de Xestión de usuarios dos servizos do Laboratorio de Análise de Radiacións. A súa descrición contense no anexo desta resolución, indicando o nivel de medidas de seguridade, en aplicación do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da